



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jose Antonio Prereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA NON NECESIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PREVIA NO TRÁMITE DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO DA BAÑA.**

**Expte. TEDEC: 2023/G016/000001 (Ordenanza).**

**Expte. TEDEC: 2023/G003/000740 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a providencia de Alcaldía mediante a que se ordena a tramitación do expediente relativo á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de rede de sumidoiros do Concello da Baña para o que non é preciso a realización de participación cidadá ó abeiro do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto que o artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece excepcións á necesidade de realización dos trámites de consulta previa, audiencia e información pública.

Visto que o obxecto da ordenanza á que se refire o presente expediente acomódase ás previsións contidas na STS de 31 de xaneiro de 2023.

Visto que tra-la declaración de non necesariedade dos trámites de participación cidadá na redacción da ordenanza obxecto deste expediente débese continuar co procedemento, elevando o borrador da mesma á comisión informativa única de asuntos do Pleno para a que esta a ditamine.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro:** Acordar a non necesidade dos trámites de participación cidadá ós que fai referencia o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ó reunir as previsións contidas na STS de 31 de xaneiro de 2023.

**Segundo:** Acordar que se realicen os trámites correspondentes para a correcta tramitación do expediente.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario – Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**